

Moda na praia

A chegada da tempada estival e en consecuencia o bo tempo, despois dun longo inverno, permite o desenvolvemento de múltiples actividades ó aire libre. Unha das máis esperadas é para moitos a posibilidade de poder trasladarse á praia para gozar do sol e os baños de mar; os beneficios desta práctica xa eran considerados en tempos pasados. Diso xa se facían eco as principais revistas de moda do século XIX que coa chegada do verán (a tempada abrangúa de xullo a setembro) publicaban nos seus números diversos artigos dedicados a este tema onde distintos expertos médicos aportaban múltiples consellos — especialmente dirixidos ó público feminino e infantil da clase burguesa — sobre a maneira en que se debían realizar os baños na auga do mar así como os seus beneficios ou as consecuencias negativas dunha mala praxe.



La Mode Elegante. Xuño, 1875

Tomando como referencia as crónicas da época sabemos que o *número considerable de personas que frecuentaban los baños de mar* dividíase en dúas categorías principais: *1º las que van únicamente por recreo; 2º las que buscan en aquellos baños el restablecimiento de su salud más ó menos alterada.*

Para uns e outros describíanse de maneira detallada os efectos que se irían producindo de xeito progresivo ó introducirse na auga do mar fría. Entre elas *una sensación penosa de frío, una disminución de las fuerzas vitales [...] el cutis se torna frío y mameonado (piel de gallina) [...] la respiración se hace dificultosa, los miembros [...] se agitan con movimientos convulsivos [...].* Toda unha serie de sensacións en principio desagradables que para nada invitarían ó baño se non fose porque finalmente *al cabo de ocho o diez días [...]*

*una sensación de bienestar se esparce por toda la economía, y hasta la parte moral participa de la modificación que en el cuerpo entero se ha operado. Un bienestar que era extensivo para aquellas persoas que simplemente respiraban na beira do mar, paseando pola praia ou por enriba das rochas. A estas explicacións engadían múltiples recomendacións como as que quedaron recollidas en **El Correo de la Moda** de agosto de 1879 onde se apuntaba o seguinte: *El baño de mar, que casi siempre es medicinal, como regularmente hay que hacer un viaje para emplearlo, se necesitan muchas precauciones y que la indicación de uso esté bien determinada. El baño de mar restablece las fuerzas, lo mismo que cura o alivia el escrofulismo y raquitismo de los niños, mejora y extingue muchas veces los flujos de la mujer y sirve para combatir otra porción de males, para los que la naturaleza parece indicar a la simple consideración que el agua salada obra maravillas y restaura las fuerzas perdidas.**

No conviene alejarse mucho de la playa, ni entrar en el agua si hace frio o mucha ventisca, procurando al mismo tiempo que las vías digestivas se hallen en buen estado y haya pasado algún tiempo después de comer.

No se deben tomar muchos baños de mar en un día[...]ni entrar con miedo en el agua... La alimentación en la época del baño de mar, tiene que ser moderada... sin abusar de las frutas y bebidas espirituosas, café y otras cosas que el buen sentido aconseja usar con parquedad.

A aplicación destes consellos levaba implícito, como é obvio, o necesario equipamento de vestiario e accesorios cuxo deseño viría marcado polos dictames da moda imperante nese momento, algo moi importante se temos en conta que desde mediados do século XIX a praia se converterá no lugar de recreo por excelencia, sinónimo de distinción social.

De acordo con iso os gravados e figurinos que acompañaban ás publicacións recollían nos números do verán variados exemplos — na maioría dos casos cos correspondentes patróns — dos modelos a utilizar encontrándonos ademais dos indispensables traxes de baño con múltiples complementos como as zapatillas, os gorros de baño, toallas, o casabé para a saída do baño (similar a un albornoz) e o canastrel ou saco necesario para albergar toda a roupa de baño.

El Correo de la Moda. Xullo, 1879



Os modelos de roupa para o baño — recollidos nas ilustracións das revistas de moda que se conservan na hemeroteca do Museo de Pontevedra — nada tiñan que ver cos actuais primando os conxuntos de dúas pezas compostos por blusa e pantalón. O deseño dos mesmos irá evolucionando ó longo do XIX sendo a tendencia axustar lixeiramente e acurtar os traxes deixando á vista os brazos e a parte inferior das pernas. As teas eran variadas pasando da flanela e o meiriño á lá azul, marrón ou branca e o caxemira tamén branco; tecidos todos eles que, de acordo coa moralidade propia da época, evitaban que se pegase ó corpo ó estar mollados.

La Mode Elegante. Xullo, 1869



La Mode Elegante. Xuño, 1873



La Mode Elegante. Xullo, 1875



La Mode Elegante. Xuño, 1881

Os accesorios que acompañaban ós traxes tamén se irán mellorando e simplificando. Así nos primeiros anos da década dos 70 introdúcese a *capa calabresa* de pano branco ou flanela grossa que substituirá, para a saída do baño, á bata de moletón branco pregado ó colo.

Os sombreros de praia tamén sufrirán modificacións sendo habitual a utilización dos elaborados en palla tecida.

El sombrero de playa debe ser de una rusticidad elegante, uno de los que mas me ha gustado, de los que he visto, era sencillamente un enorme sombrero de junco verdoso trenzado, formando campana y guarnecido de un simple lazo de linon moreno y encaje. (La Moda Elegante, 14-7-1881).



La Mode Elegante. Junio, 1875

Durante os primeiros anos do século XX as revistas ilustradas de moda continuarán recollendo nos seus números de verán as tendencias relacionadas co período estival e o correspondente achegamento á beira do mar. A través destas imaxes os lectores da clase media poderán ano tras ano gozar dun costume que aínda que cunha tendencia progresiva á popularización, seguía a estar reservada para a aristocracia e a alta burguesía.

